



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Cajide Hervés, José Manuel Gallego Lomba, Modesto Pose Mesura e Carmen Acuña do Campo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Club de Atletismo de Cuntis conta cunha longa traxectoria de traballo que deu uns resultados máis que positivos ao longo dos últimos quince anos. Boa mostra, son os máis de 100 campións e campionas provinciais e autonómicos, a participación de atletas deste club en campionatos internacionais, ou os logros conseguidos a nivel estatal mesmo acadando a parte máis alta do Podio. Con todo isto, o Club Atletismo de Cuntis ben contribuindo a reforzar a boa imaxe do deporte galego a todos os niveis.

Estes resultados, froito do gran esforzo de moitas persoas, especialmente dos e das atletas e o seu adestrador, crearon a necesidade de contar cunhas instalacións deportivas de acordo ao nivel acadado polo Club.

Dende o Concello, apostouse claramente polo atletismo coa previsión dunhas pistas de atletismo arredor do campo de Fútbol de As Canteiras.

Dende entón, o Goberno Local mantén unha intensa loita na busca de recursos que fagan desa previsión unha realidade.

Despois da decepción de varias promesas incumpridas do Goberno do Sr. Fraga, a chegada dun novo Goberno ábrese unhas expectativas moito máis consistentes para a realización deste e outros proxectos no municipio de Cuntis.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Con data 1 de decembro de 2005, o director xeral para o Deporte, Santiago Domínguez Oliveira, visitou Cuntis e percorreu, varias instalacións deportivas da vila acompañado pola delegada de Cultura e Deporte, Marta Souto, a alcaldesa, Fátima Monteagudo, o concelleiro de Cultura e os portavoces do BNG e ADDC.

Tal e como recolle a prensa do día seguinte, o Sr. Domínguez nesa visita, dixo non contar nese momento con presuposto, e comprometeuse a encargar redacción de proxecto das pistas de atletismo e acometer as obras tan pronto contara cun novo presuposto.

Esta visita, supuxo un gran apoio e abriu grandes esperanzas para o colectivo que conforma o Club de Atletismo de Cuntis, así como para os responsables locais.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e deputado que asinan formulan á Consellería de Cultura e Deportes a seguinte pregunta:

Que previsión ten a Consellería de Cultura e Deportes para a realización das pistas de atletismo de Cuntis?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2007


Asdo.: Carmen Cajide Hervés
José Manuel Gallego Lomba
Modesto Pose Mesura
Carmen Acuña do Campo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Cajide Hervés na data 28/03/2007 13:41:20

José Manuel Gallego Lomba na data 28/03/2007 13:41:33



 Grupo Parlamentario

Modesto Pose Mesura na data 28/03/2007 13:41:42

María del Carmen Acuña do Campo na data 28/03/2007 13:41:48

Partido dos
Socialistas
de Galicia
